



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLE/2019/7	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Axilización expedientes.»
Data	15 de maio de 2019
Duración	Desde as 13:00 ata as 13:40 horas
Lugar	SALÓN DE PLENOS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	ELEUTERIO PENA LAMAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	SI
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SÍ
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEGRO SANTOS	NON
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGRO	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ



Concello de Cangas

78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas das sesións anteriores de datas 29.03.2019 e 29.04.2019

O Pleno da Corporación de Cangas aproba a acta do 23 de marzo de 2019 por maioría de votos coa rectificación realizada por Alfredo Iglesias Santos.

Observacións:

D. Rafael Soliño Costas solicita rectificación no punto nº 1590/2019, no senso de que se reflexen as calumnias que o señor Abalo ven a realizar pleno tras pleno e solicita que se retire o insulto machista que se recolle na intervención.

O secretario sinala que non modificará o texto nese punto.

D. Alfredo Iglesias Santos solicita rectificación das seguintes intervencións:

“**Sr. Iglesias Santos:** sinala que o Goberno está lexitimado para gastar o diñeiro dentro da xestión política que lle corresponde pero facer unha transferencia a un mes de rematar o mandato atufa a electoralismo.

Sr. Iglesias Santos: sinala que inicialmente non apoiou a iniciativa do señor Abalo e agora dubida moito que cheguemos a ver un documento do PXOM antes do remate da lexislatura

O secretario toma nota da rectificación.

Votación:

Concello de Cangas



Votos a prol: 9 (3 de ACE, 2 do BNG, 2 de ASPUN e 1 do PSOE).
Abstencións: 1 (1 do BNG).
Votos en contra: 7 (7 do Partido Popular).

O Pleno da Corporación de Cangas aproba a acta do 29 de abril de 2019 co voto favorable de todos os membros presentes, agás D. Alfredo Iglesias Santos, D. Andrés García Bastón, D. Jose Manuel Graña Graña, D. Jesús Antonio Pérez Gallego, D^a Lourdes Rial Pardo e D^a María Dolores Hermelo Piñeiro, que se absteñen como consecuencia da súa ausencia na devandita sesión.

Expediente 1651/2019. Proposta da alcaldía s/aprobación definitiva transferencia de crédito TC 01 Pleno

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 0, Abstencións: 1, Ausentes: 7

Dase conta do informe favorable da Comisión Informativa de data 10 de maio de 2019.

Así mesmo a Presidencia dá conta da proposta de Alcaldía de data 7 de maio de 2019 que é como segue:

“Visto o acordo do Pleno de data 29 de marzo de 2019, no que se aprobou inicialmente o expediente de TRANSFERENCIA PLENO 1/2019, que non afecta a baixas e altas de créditos de persoal, someténdoo a exposición pública polo prazo de quince días, durante os cales os interesados puideron examinalo e presentar reclamacións.

Visto que o expediente foi publicado no BOPPO en data 5 de abril de 2019 e durante o prazo de quince días se presentaron as seguintes alegacións:

- *Alegación do Partido Popular presentada en data 29 de abril de 2019 e número de rexistro de entrada 2019-E-RPLN-5 29/04/2019.*

Vistas as alegacións que foron informadas pola intervención en data 6 de maio de 2019, coas seguintes conclusións:

- *O réxime xurídico das reclamacións presentadas ante unha transferencia de crédito de competencia plenaria é o mesmo que o establecido para os orzamentos xerais da Corporación.*
- *A reclamación presentada estímase presentada por persoa lexitimada e dentro do prazo establecido.*
- *Non procede acoller os motivos da reclamación por canto non se cinguen ás causas taxadas de reclamación que establece o artigo 170 do Real decreto lexislativo 2/2004.*
- *Respecto doutras posibles vulneracións do ordenamento xurídico determinantes da invalidez do acto, cabe concluír que, por un lado, a motivación da urxencia a que fai referencia a reclamación non se axusta ao establecido no artigo 35 da Lei 39/2015,*



por tratarse dunha apreciación de oportunidade política que non afecta na tramitación do procedemento, que segue o trámite ordinario.

- *E respecto da advertencia de posible incumprimento da regra de gasto, esta carece tamén de virtualidade invalidante, por canto que as consecuencias vencelladas a este potencial incumprimento en ningún caso determinan a posible anulación de actos administrativos.*

De conformidade co disposto nos artigos 177.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo e o 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime local, proponho ao Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Desestimar a alegación presentada polo grupo municipal do Partido Popular en data 29 de abril de 2019, en relación co expediente de TRANSFERENCIA PLENO 1/2019, que non afecta a baixas e altas de créditos de persoal, polos motivos expresados no informe de intervención de data 6 de maio de 2019, anteriormente transcritos.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente a TRANSFERENCIA PLENO 1/2019, que non afecta a baixas e altas de créditos de persoal como segue a continuación:

APLICACIÓNS QUE SE MINORAN:

APL.ORZAMEN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
011-913	Amortización préstamos	368.714,85
942-761	Outras transferencias a administracións. públicas	200.000,00
Total		568.714,85

APLICACIÓNS QUE SE INCREMENTAN:

APL.ORZAMEN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
161-609	Abastecemento e saneamento augas. Investimentos novos	330.000,00
171-609	Parques e xardíns. Investimentos novos en infraestruturas	40.000,00
450-609	Admón. xeral infraestruturas. Investimentos novos	30.000,00
342-609	Instalacións deportivas. Investimentos novos en infraestruturas	45.000,00
342-623	Instalacións deportivas. Investimentos novos en instalacións	53.714,85
1532-609	Pavimentación vías públicas. Investimentos novos en infraestruturas	70.000,00
TOTAL		568.714,85

TERCEIRO.- Notificar o acordo a aqueles que presentaron alegacións.

CUARTO.- Publicar anuncio de aprobación definitiva da referida modificación no Boletín



Oficial da Provincia, inserindo o resumo por capítulos»”.

DELIBERACIÓNS:

Sr. Sotelo Villar: sinala que é unha falla de respecto que neste momento se traía un listaxe das obras a realizar e expón que o 6 de abril presentaron un escrito, asinado polo tercio de concelleiros, no que solicitaban por un lado as obras a realizar para sufragar o devandito gasto e solicitaban informe á secretaría sobre a legalidade destas actuacións cando se tratan de investimentos novos que non xustificaban a urxencia. Solicita que conste en acta que o Sr. secretario emite informe o día 9 de maio dous días despois de estar convocada a Comisión Informativa Única, sinalando que non se observa os requisitos para a súa emisión. Finalmente sinala que resulta unha tomadura de pelo presentar unha relación de actuacións no intre de realización do Pleno e en consecuencia proceden a ausentarse do Pleno.

Sr. Abalo Costa: expón a moción.

Sr. Iglesias Santos: sinala que non soamente hai que ser transparente se que estando nos últimos días do mandato municipal e que as urxencias e o encaixe de bolillos implican facer as cousas deste xeito. Comenta que a urxencia das obras pode porse en dúbida e que menos que traer algún proxecto ou memoria e non esperar a hoxe. Sinala o seu desacordo ca suplantación das obrigas da concesionaria da auga realizando certas actuacións. Expón que non entende a urxencia diferenciando entre electoralismo e non electoralismo e considera que se tiña que reflexionar sobre isto con anterioridade.

Sr. Abalo Costa: expón que a manobra do Partido Popular foi unha manobra política encamiñada a ralentizar as actuacións do Concello. Sinala que o que se está a resolver neste Pleno é a alegación do Partido Popular.

Sr. Iglesias Santos: expón que isto non podía chegar ao mes de maio, xa que se se constataba a existencia dunha serie de necesidades, debería recollerse no Pleno do mes de xaneiro ou febreiro. Sinala que se aprobaron extraxudicialmente 700 mil euros e que deberían ter unha mellor planificación e entende que entre os diferentes grupos habería un tira e afloxa e finalmente sinala que o que se trata é de mellorar a vida veciñal.

Sr. Abalo Costa: sinala que este non é momento oportuno a entrar a debater as actuacións.

VOTACIÓNS:

A prol: 9 (3 de ACE, 3do BNG e 2 de ASPUN).

Abstencións: 1 (1 do PSOE).

En contra: 0.

Ausentes: 7 (7 do Partido Popular)..

O Concello Pleno, por maioría dos seus membros presentes, acorda aprobar definitivamente a TRANSFERENCIA PLENO 1/2019.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL



Concello de Cangas

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850